



№ 10

di vg 81-2013



Sumario

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é o Feminismo?	Redacción.	4-5
Feminismo e Humanismo.	Daniel Álvarez Bouzó.	6
Ao Saneamento das Rías Galegas.	Serxio Regueira Gómez.	7
Govi.	Alexandre Doucin, María Ríos e Fátima Ruiz.	8-9
O Test de Bechdel.	Rin Vaca Rin Boi.	10
Muller e Prisión.	Grupo de Apoyo Galiza Sur á Campaña CÁRCERE=TORTURA.	11
Pola Igualdade das Diferenzas.	Ánxelos Bouzó F.	12
Rote Zora.	Lapsus distribuidora alternativa.	13
Patriarcado e Capitalismo.	15M Conciencia Social.	13
Treboadas: Unha Visión Libertaria do Feminismo.	Treboadas.	14
Os Cartos de Todas para Todas.	ODS-Goia, G.A.S. e Parroquia "Cristo da Victoria" - Goia.	15
Portada e Almanaque.	Moster Rat.	

0.50€ nº10
Xaneiro-2014
COLABORA CONNOSCO!

aboia.info
revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
202 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase baixo
unha Licencia Creative Commons Atribución-
NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.

Locais de distribución:
Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo),
Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo),
Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café Uff (Vigo), Cova dos ratos (Vigo),
Bar Hipólito (Vigo), Tetería Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo),
Taberna do Jefe (Cangas),
La bolera (Moaña), Rañolas Café (Gondomar), Casa Colorida (Nigrán), LS Faísca (Galvrio), CS Fusalho (A Guarda), Detrás do Marco (Vigo), Edra (Vigo), CS Bou Eva (Vigo), CS Lume (Galvrio), Galería Jazz (Vigo).

RECÍCLAME!

EDITORIAL

"O diaño está nos detalles" din os anglosaxóns. Non é dito como unha alarma paralizante ante o porvir, se non para a xente manteña a cautela a hora de afrontar a complexidade. O refrán é fillo dunha cultura pragmática e dunha xente flemática, quizas xa un tanto acomodada. O diaño non é esa cousa grande, vermella inzada en chamas que atormenta as "mentes infantís", se non aquela pequena cousa na que os simples non saben reparar. O que non especifica o refrán, e se o diaño vive en esencia nos detalles, ou é que hai xente que sabe agochalo aí para arrastrar á perdición aos que instalados na emerxencia de vivir, non poden deterse flematicamente a diseccionar o mundo que os rodea é, as veces, afoga.

O goberno do PP é un deses trampulleiros que gostan de agochar ao diaño. Un trilero que sabe agochar a súa ideoloxía nunha verbena de centos de impactos informativos. Un predixitador que coa dereita coloca ante á opinión pública un diaño deses grandes, vermellos e inzados en chamas (nomeadamente "a crise", pero tamén os "antiespaña", os "terroristas"...), mentres coa esquerda vai esmagando os dereitos da cidadanía.

Na última momento do proceso de reforma do Código Penal, coma se fose un pequeno detalle sen importancia, Alberto Ruiz-Gallardon introduxo unha modificación ó artigo 188 do Código Penal. Neste artigo é onde se tipifica o "lucro da explotación sexual de outra

persoa, ainda co consentimento da mesma" como proxenitismo (penado coa prisión de 2 a 4 anos, e multas de 12 a 24 meses). De aprobarse a proposta de Ruiz-Gallardón, que suprime estas liñas, os proxenetas poderán exercer legalmente a explotación económica das persoas maiores de idade. De aprobarse a lei, a xustiza só poderá actuar contra a explotación económica das mulleres sometidas a "condicións gravosas, desproporcionadas e abusivas", ou que estean nunha "situación de dependencia persoal e económica que lles deixe outra opción alternativa, real ou aceptable".

O detalle no que hai que reparar é que a prohibición do aborto é o único punto do "detallado" programa electoral do PP.

O detalle-diaño é co goberno do PP as mulleres están deixando de ser suxeito de dereito. Para o PP, o capitalismo e os dogmas relixiosos están por riba do dereito de cada unha das mulleres a decididir sobre o seu corpo. Para o sistema capitalista e patriarcal o corpo das mulleres é unha mercadoría e unha máquina reproductiva.

Polo dereito de todas: Basta xa de agresións machistas! Abaixo co sistema capitalista e patriarcal !

DEMOCRACIA FRONTE "OS MERCADOS"
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

QUE É O FEMINISMO?

Redacción.

O feminismo é un movemento social, cultural e político que loita contra as inxustizas orixinadas polo machismo e o patriarcado e busca a igualdade entre as persoas independentemente do seu sexo e o seu xénero. Así pois, o feminismo procura rematar e superar todos aqueles aspectos da nosa sociedade nas que as persoas (independientemente do seu sexo e xénero) son agredidas, explotadas, invisibilizadas, minusvaloradas, sometidas e/ou impedidas pola ideoloxía e comportamentos machistas e o sistema patriarcal.

"O feminismo procura rematar e superar todos aqueles aspectos da nosa sociedade nas que as persoas son agredidas, explotadas, sometidas e/ou impedidas polo machismo e o patriarcado."

A QUE SE OPÓN O FEMIRISMO?

Machismo: é a ideoloxía que defende a superioridade e prepotencia de certo tipo de "valores masculinos" e de varóns heterosexuais sobre o resto da sociedade. As persoas machistas defenden que os "homes de verdade" teñen unha serie de características e valores superiores (maior forza física, apetito sexual, intelixencia, racionalidade, valentía, independencia...) que lles dan dereito a decidir e manexar no seu beneficio a vida social, económica, sexual, afectiva,... e mesmo a integridade física de mulleres, varóns homosexuais, ou calquera que non comulgue co seu pensamento e prácticas .

Hembrismo: é a ideoloxía que defende a superioridade da muller sobre o home. O hembrismo invierte os roles establecidos no machismo, pondo a muller porriba do home.

O machismo e o hembrismo son dúas ideoloxías que apostan por unha sociedade que se entende entre dominantes e dominadxs. O feminismo, por contra, loita contra calquier tipo de dominación dunhas persoas sobre outras, así pois oponse por igual ao machismo co hembrismo.



Foto: Galiza Contrainfo.

Patriarcado: o patriarcado é a organización social derivada do machismo, na que, mediante as leis, institucións, costumes... se lle reserva aos varóns unha serie de ámbitos ou posiciones hexemónicas na sociedade como poden ser os cargos públicos, a posesión da riqueza,... Patriarcado significa "gobierno dos pais". Historicamente designa un tipo de organización social no que a autoridade exercea o varón xefe de familia que é o dono do patrimonio.

CONTRA QUE LOITA O FEMIRISMO?

- **Violencia de xénero:** violencia física ou psicolóxica exercida contra calquera persoa sobre a base do seu sexo ou xénero que impacta de xeito negativo na súa identidade e benestar social, físico e/ou psicolóxico.
- **Explotación laboral:** Situación na que as persoas son sometidas a condicións laborais adversas e desiguais no reparto do traballo e produto social, así como na remuneración recibida en función do seu xénero, e que pode



Foto: Cristian Navarro.

ir dende as diferencias salariais ata abusos e o traballo escravo.

- Sometemento sexual/estético: Situación na que a muller esta baixo a dependencia ou autoridade dos cánones machistas en ámbitos como a imaxe, a reproducción e a satisfacción e disfrute sexual.
- Invisibilidade e minusvaloración cultural: A sociedade exclúe a todos aqueles grupos e persoas que non forman parte dos valores asociados á masculinidade e polo tanto non teñen presenza nas manifestacións sociais e culturais (linguaxe excluínte, falla de



Foto: Galiza Contrainfo.

opcións políticas que recollan as súas reclamacións e preocupacións, non tratamento das súas problemáticas nos medios de comunicación,...).

- Desigualdade no acceso ao poder. Segundo un informe de 2011 as mulleres só representan o 13,8% das persoas que conforman os consellos de administración nas transnacionais. En 2013 as empresas que cotizan en bolsa teñen un 16% de mulleres nos consellos de administración e tan só un 3% ocupan a presidencia. No referente ao poder político só hai 10 países con presidencias femininas (Arxentina, Brasil, Costa Rica, Lituania, Alemaña, Islandia, Liberia, Tailandia, Australia e Chile)

"Emprega unha linguaxe non sexista, lembra que as capacidades non se deben ao xénero respecta e dignifica a quen te rodea independentemente do seu sexo e xenero."

QUE PODES FAZER TI?

Ti inflúes sobre o resto das persoas co teu xeito de actuación, tanto directamente, transmitindo opinións e valoracións, como indirectamente, co comportamento ou o tipo de comunicación que relaizas. Emprega unha linguaxe non sexista, lembra que as capacidades non se deben ao xénero (non existen as "cousas ou tarefas de nenos/homes, ou nenas/mulleres";), respecta e dignifica a quen te rodea (desterra todo tipo de comentarios sexualmente ofensivos ou valoración diferente das actitudes se os fai unha muller ou un home) e, por suposto, persegue e denuncia, todo tipo de maltrato e abuso, físico ou psicolóxico. Ademais tamén te podes integrar en colectivos, asociacións ou calquera outro tipo de organización que vele pola igualdade das persoas independentemente do seu sexo ou o seu xénero.

FEMINISMO E HUMANISMO.

Daniel Álvarez Bouzó.

Botando a un lado por un momento todo o que é e significa o feminismo como acostumamos entendelo, gustaría centrarme desta vez nos valores humanos – moitas veces ignorados ou relegados a un segundo plano – que recupera e trae consigo á escena pública, sinalando con eso a súa evidente e preocupante ausencia.

"Sé o que es. Máis alá dos diversos roles que nos enclaustran, do que a sociedade espera de nós, hai un eu querendo despregarse."

- Sé o que es. Máis alá dos diversos roles que nos enclaustran, do que a sociedade espera de nós, hai un eu querendo despregarse. Somos libres para descubrinxos realmente e sernos, temos o poder para facelo, e de aí xorde a responsabilidade para con este poder, o deber de loitar para conseguilo.
- A importancia da subxectividade, das diferentes, variadas e ricas formas de coñecer, fronte á falsa obxectividade dos feitos, que queren converterse na única. E recoñecer con eso que a razón non é máis que unha arma esgrimida polas emocións, capaz de xustificar calquera pretensión de verdade, que loita por facer predominar un interese fronte a outro.
- O xiro cara o corpo, noso corpo, o gran esquecido; sempre baixo o dominio da mente.
- A “ética do coidado”, máis atenta ao benestar das persoas próximas, as de aquí preto, que ao sufrimento abstracto de milleiros de persoas. E a afectividade como algo de primeira

importancia, que implica comprender as emocións propias e as da outra persoa, respectándoas.



Foto: Lau.

- O atreverse a coñecer de forma consciente a nosa persoa e á outra, a través do diálogo, onde a escoita activa e a sinceridade son as únicas ferramentas. A comunicación é a nosa maior之力, que nos pon en común coas demás persoas.
- E rescatar, entre outros, ao deshonrado amor, e a todos os xeitos posibles de entendelo, facelo e recrealo.

AO SANEAMENTO DAS RÍAS GALEGAS.

Serxio Regueira.*

A Platafroma de Defensa da Ría De Vigo "CIES" non dá crédito ó sucedido no Parlamento da U.E. nos últimos sete meses en que os europarlamentarios do Partido Popular fixeron todo o posible por impedir a redacción dun informe que reflecta exactamente o que acontece co saneamento integral das rías de Vigo, O Burgo e Ferrol así como co inspeccionado pola Delegación Oficial da U.E. no mes de febreiro.

Afortunadamente para nós hai europarlamentarias que sen ser españois, teñen a decencia de defendernos como cidadáns europeos enfrentándose aos traidores da cidadanía galega: o Sr. Iturgaiz e o Sr. Millán Mon.

"Os gobernos de Galicia e do estado español intentan desvirtuar a situación real do saneamento das Rías Galegas."

O que sucedeu onte na Comisión de Peticións da U.E é unha demostración de honradez por parte da ecoloxista letona Tatjana Zdanoka e a liberal austriáca Angelika Werthman. Con ela se pon de manifesto que non están dispostas a someterse á política feudalista que están a practicar os gobernos de Galicia e do estado español, os cales, a través dos seus representantes, intentan desvirtuar a situación real do estado do saneamento integral das Rías Galegas e impoñer un



Foto: Ángela Musat.

texto de informe, interesado, que non se corresponde coa situación real das rías.

A P.D.R. DE VIGO CIES ten feito propostas e achegas concretas sobre o tipo de actuacións que se necesitarían para conseguir un saneamento total da ría de Vigo e a recuperación das zonas degradadas. Solicita que se destinen as partidas presupuestarias dos fondos europeos necesarias para rematar estas infraestruturas, así como un rigoroso control sobre as mesmas para que se destinen únicamente a estas obras.

A P.D.R. DE VIGO CIES solicita do Parlamento da U.E. o máximo rigor na redacción do informe así como a inmediata toma de decisións que conduzan á pronta solución do saneamento integral e á rexeneración da ría de Vigo.


* Presidente da Platafroma de Defensa da Ría De Vigo "CIES"

GOVI


Á busca dos restos da balea mecánica.

é un soño conxunto
debuxado por Alexandre Doucin
escrito por María Ríos e Fátima Ruiz.

ENTREGA 5 de 5



Unha parte das costelas de Govi serviron para reforzala estructura das abandonadas naves de Pontesa en Pontesampaio. A poboación local decidiu convertila antiga fábrica de cerámica nun pabellón multiusos para facer competicóns deportivas, concertos e feiras de todo tipo.



O resto das costela de celatonita, foron levadas á praza que hai entre o Concello e a Panificadora, onde a xuventude de Vigo decidiu fundar un circo.

O capitán Sireno dende a sua atalaia admira, entre nostalxia e orgullo, o novo Circo Xonas. Despois de duros días de traballo, oara el agora é o momento de facer memoria da sorte de GOVI e o disfrute que del fixeron os habitantes da Ría ...



<http://laratart.blogspot.com.es/>

XANEIRO

		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

O TEST DE BECHDEL.

Nin Vaca Nin Boi.*

O pasado mes de novembro, o Instituto Sueco de Cinematografía introduciu un índice que permite que o público que acode ao cine saiba en que grao están representadas as mulleres na película que vai ver. O sistema baséase no test de Bechdel, que debe o seu nome á autora de banda deseñada estadounidense Alison Bechdel (*Dykes to Watch Out For*; en castelán, *Unas bollos de cuidado*, Egal, 2004).

O test de Bechdel consta de tres criterios que as películas deben satisfacer:

- a) Que exista un mínimo de dúas personaxes femininas con nome propio.
- b) Que manteñan entre elas como mínimo unha conversa.
- c) Que nesa conversa falen dalgún tema que non teña que ver cun home ou cos homes.

Que unha película pase o test de Bechdel non quere dicir que represente ás mulleres dun xeito ou doutro; só que as representa en grao mínimo e cun mínimo grao de autonomía. Cómpre resaltar esa palabra: «mínimo». De feito, como sinalan en TVtropes¹, é posible que pase a proba unha película misóxina e que non a pasen obras con vocación feminista.

“Nas cen películas estadounidenses más vistas no 2011, eran mulleres só o 11 % das personaxes protagonistas.”

O problema radica na frecuencia con que as películas non chegan a satisfacer eses

criterios de mínimos e non tanto en que unha película en concreto pase ou non pase o test. Cántase en The Guardian² que a proporción entre personaxes femininas e masculinas nas películas de Hollywood más vistas é de unha por cada dúas, e que esta proporción tense mantido sen cambios nos últimos sesenta anos. Asemade, cántase que nas cen películas estadounidenses más vistas no 2011, eran mulleres só o 11 % das personaxes protagonistas. Resumindo: faltan mulleres.

Entre as películas que non pasan o test están, por citar algunas: o ciclo do Señor dos anéis, o ciclo de Star Wars, El secreto de sus ojos, Avatar, Wall-E, Das Leben Der Anderen, Gladiator, La vita è bella ou Reservoir Dogs. Das 4.536 películas rexistradas na base de datos bechdeltest.com³, non satisfán os tres criterios do test de Bechdel o 44,3 %.

En Nin Vaca Nin Boi gústanos ver cine, pero vos invitamos a botarlle unha ollada ao asunto do test de Bechdel. Tería sentido aplicar unha ferramenta similar no cine que vemos aquí?



* ninvacaninboi.wordpress.com

MULLER E PRISIÓN.

Grupo de Apoio Galiza Sur á Campaña CÁRCERE=TORTURA.

A sempre silenciada e manipulada realidade das pobres, aquelas que nacen, viven e morren excluídas, aquelas que son encerradas por delitos que rexe un código penal clasista, que non ten en conta a realidade social senón a capacidade de contratar un avogado.

No Estado Español estamos afeitos a bater récords e, como non podía ser doutra forma, somos o país europeo con mais mulleres encarceradas. En cárceres danse continuas violacións de dereitos, constantes agresións psicolóxicas, físicas e sexuais. Recentemente pudemos ter coñecemento da seguinte noticia: "Condenado a 25 anos un funcionario do cárcere de Souto do Real por abusos sexuais ás presas". Pero que isto non nos leve a equívocos, nos cárceres de mulleres vívese un réxime de dominación e abusos constantes. Esta sentenza só visibiliza a punta do iceberg nun caso no que un grupo de presas se fortaleceron mutuamente e atrevéronse a loitar.

"As chantaxes sexuais son constantes, se non aceptas existen mil formas de converterche en culpable."

As chantaxes sexuais son constantes, se non aceptas existen mil formas de converterche en culpable de agresión, de faltas á autoridade, etc. Serás conducida a Illamento e o que pase alí, só ti e el ou eles saberédelo.

Superar o medo é fundamental para deter esta situación, tal e como fan mulleres como Francedy, Diana, Talla e Miosoti, que se atreven a denunciar, a falar e sinalar, a romper o silencio e abrir unha nova ventá nas súas vidas, a ventá da Dignidade e o Respeito.

Presas si, pero coa cabeza alta. Non temos porqué avergonzarnos de ser pobres, de vivir no submundo das drogas e a

marxinación social. Os mesmos que nos encerran provocan a nosa miseria.

Cárceres de mulleres controladas por homes, nas que se crían nenos e nenas presas, lonxe das cidades, illadas do mundo, sen apenas actividades nin perspectivas de mellora, masificadas, e a ninguén lle importa, ou a case ninguén, unha nova conciencia colle forma e cobra forza.

A conciencia solidaria: un planeta para todas, e todas para o planeta, libres e felices.



Abonda de marxinación.

Abonda de aprisionamento da pobreza.

Recuperaremos as nosas comunidades corrompidas pola avaricia capitalista.

Liberaremos as nosas irmás e irmáns.

noestansolxs@gmail.com

<http://www.carceligualtortura.org/>

POLA IGUALDADE DAS DIFERENZAS.

Ánxelos Bouzó F.

Tendemos a clasificalo todo, facemos categorías, e moitas veces perdemos a visión do conxunto.

"A unhas cualidades determinadas chamámosllas femininas e a outras o contrario, por que? Habería que esnaquizar os estereotipos e voltar a comezar."

Todos e todas, temos o noso lado feminino e masculino, iso din. A unhas cualidades determinadas chamámosllas femininas e a outras o contrario, por que? Habería que liberar os valores, esnaquizar os estereotipos e voltar a comezar. Quen decide que prevalezan uns a costa de matar ou silenciar aos outros? Nacemos homes ou mulleres, seres humanos, que en teoría deberíamos ser libres e iguais, cos mesmos deberes e dereitos. Pola contra, esas dúas condicións marcan as diferenzas.


Os feminismos xorden como unha reacción fronte a unha continuada situación de inxustiza. Moitas veces son desacreditados por considerar que producen confrontamento, que son excluíntes ou que veñen sendo a reclamación da muller por ocupar o lugar do home e facer o mesmo á inversa.

A loita non debería ser entre matriarcado e patriarcado, senón á procura da igualdade.

Os feitos falan por si mesmos. A muller, polo feito de selo, é desprezada nas sociedades, nas crenzas, relixións: contra o seu corpo, que hai que tapar con panos e burkas (segue medrando o seu uso), a ablación xenital (140 millóns de mulleres áinda na actualidade segundo a OMS), lategazos, ácidos na pel, lapidación, por ser considerada propiedade do home, violación e abusos sexuais, sen dereito á educación, obrigada a casarse, vendida como escrava sexual, abandonada por

nacer nena, peor pagada nos traballos, maltratada e asasinada pola propia parella, o obxecto de vinganza nos conflitos, e moitos aldraxes más, moi-símos, disfrazados na linguaxe, na publicidade, nos libros de texto, nas políticas, nas familias, na educación...

Se ser feminista é estar en contra desta inxustiza e actuar para evitala, entón son feminista. Aínda que o termo non me gusta, pero supono que é así por nivelar, xa que en loitas tan desiguais hai que tirar con máis força do lado que leva as de perder. Queda moito por facer, e para conseguilo, deberíamos estar todas as persoas xuntas, homes e mulleres, cun obxectivo común: a procura da igualdade de dereitos e liberdades sen distinción de ningún tipo, que ademais fará que toda a humanidade saia gañando en dignidade.



ROTE ZORA.

Lapsus distribuidora alternativa.

"Sabemos que a situación histórica mudou. As condicións e a resistencia son distintas. Pero áinda así hai moitas reflexións que non caducan: criticar a relación androcéntrica entre os xéneros das que resultan as estruturas de control e violencia e analizar os fundamentos racistas dos réximes levounos a optar pola loita (...).

"Falta a práctica e falta o movemento. Por que as mulleres xa non se rebelan en masa contra a violencia e o control?"

A cuestión é como nos sentimos mellor e que podemos facer coa nosa rabia e a nosa crítica. Os nosos modos de analizar a sociedade especializáronse e afondaron, así que os nosos argumentos son áinda más fortes. Pero falta a práctica e falta o movemento. Velaí unha das nosas críticas.

Por que as mulleres xa non se rebelan en masa contra a violencia e o control?"

Estas e non outras son as razóns que sustentan a presente edición, unha escolma de textos tan singular como descoñecida. Rote Zora foi produto dunha época que debutou co acontecemento de maio de 1968 para redimensionarse en múltiples facetas. Pensada por e para mulleres, o seu repertorio deixou atrás o modelo clásico de enfrentamento desde posicíons radicais. Un exercicio de feminismo e antiimperialismo á luz da axitación armada.

Autoedición, outubro 2012

Rústica 20x13, 190 páxinas.

5 euros.

Podes atopar "Rote Zora" na distri de Lapsus (Cova dos Ratos, r/Romil 3)

<http://lapsusdistribuidora.blogaliza.org/>

PATRIARCADO E CAPITALISMO.

15M Conciencia Social.

Non podemos separar os termos "patriarcado" e "capitalismo", xa que son intrínsecos. Se ben as sociedades que intentaron afastarse do capitalismo só conseguiron escasos avances na liberación da muller, pódese dicir que esas sociedades, en realidade, xamais lograron desterrar por completo o sistema capitalista; isto demóstrase, asimesmo, polo arrastre de vicios históricos do capitalismo: un destes, o patriarcado.

"É imposible manter a integridade do capital sen unha ferramenta que garanta a non disgregación das herdanças e esa ferramenta é o patriarcado. O patriarcado xerarquia a uns homes sobre outros e a todos estes sobre as mulleres."

É imposible manter a integridade do capital sen unha ferramenta que garanta a non disgregación das herdanças e esa ferramenta é o patriarcado. O patriarcado xerarquia a uns homes sobre outros e a todos estes sobre as mulleres. Costumes como a heranza para o primeiro fillo varón ou o non dereito a posuér ou administrar propiedades por parte das mulleres son útiles ferramentas do patriarcado ao servizo do capitalismo.

A cuestión de xénero para a maior parte dos ideólogos e defensores das ideoloxías de xénero é só unha escusa máis para poñer a uns sobre outros, algo absolutamente necesario para a subsistencia do capitalismo.

Se patriarcado e capitalismo son intrínsecos, feminismo e anticapitalismo tamén o son, xa que a igualdade de xénero non é posible sen a destrución total do capitalismo.

TREBOADAS: UNHA VISIÓN LIBERTARIA DO FEMIRISMO.

Treboadas.

O grupo anarcofeminista Treboadas nace en Vigo pola necesidade de dar unha resposta contundente ós distintos tipos de dominación que adopta o patriarcado e pola falta de alternativas feministas coas que sentirnos identificadas.

Agora para que a violencia machista conte nas estadísticas é necesario estar hospitalizada máis de 24 horas. As vítimas de proxenetas terán que demostrar que o foron. As inmigrantes violadas son sospeitosas de finxir. A inseminación non é para mulleres soas. O aborto é unha constante disputa entre o goberno e as mulleres, intentando estes escribir as súas leis retrógradas nos nosos ventres.

Dar subvencións á contratación de mulleres por considerarnos inferiores ao mesmo tempo que se subviciona unha cultura que nos considera inferiores é algo estúpido a non ser que detrás de todo isto atopemos un compoñente ideolóxico herdeiro da dictadura franquista, que coa súa "Red Madre" está a montar a sección feminina do século XXI.

***"Non queremos ser polícias
nин xefas, queremos que o
patriarcado desapareza, non
queremos que se nos recoñeza
nese mundo coma iguais a golpe
de subvención."***

O feminismo institucionalizado conta coas subvencións do mesmo estado patriarcal. Non queremos ser polícias nin xefas, queremos que o patriarcado desapareza, non queremos que se nos recoñeza nese mundo coma iguais a golpe de subvención.

As relacóns de poder establecéntense coma forma de sometemento do individuo ao Estado, sendo o patriarcado un dos primeiros eixos xerárquicos de dominación

e uniformización da muller, a abolición do Estado ten que vir acompañada da destrucción do patriarcado, xa que ambos son manifestacións de control, represión, adoutrinamento e dominación do xénero humano.



Coma anarcofeministas oponémonos ao autoritarismo estatal, negámonos a formar parte do seu circo político, rexeitamos calquera forma de dominación. Non queremos ter o mesmo estatus que o home, nin levar "éxito" e "poder" escritos na nosa fronte. Non somos dóciles, sensibles nin dependentes. Coma mulleres non nos reconémemos neses roles pre establecidos. Asimesmo nos oponemos a todo tipo de discriminación positiva, que non fai senón reforzar o falso mito do "sexo débil" e é un claro obstáculo cara a nosa emancipación.

O patriarcado debe rematar, e con el todas as súas manifestacións de poder. O patriarcado e o Estado son dúas caras dunha mesma moeda que convén abolir.

OS CARTOS DE TODAS PARA TODAS!

ODS-Coia, G.A.S. e Parroquia "Cristo da Victoria" - Coia.

Dicímolo na rúa, dicímolo con razóns, dicímolo colectivamente e non pararemos ata que os poderes sintan que roubarnos as nosas vivendas, a nosa saúde, a nosa educación, as nosas pensións, os nosos dereitos, as nosas VIDAS... non lles vai ser doadoo.



Foto: Galiza Contrainfo.

Só en Galiza hai máis de 650.000 persoas por baixo do limiar da pobreza, mentres unhas poucas familias acumulan a riqueza de todas de modo insultante. Pero a crúa realidade que vivimos pode ter outra cara se somos quen de aglutinar forzas que traballen arreio pola transformación radical deste sistema asasino.

Para dita transformación hai múltiples ferramentas que poden ser útiles, sen dúbida os orzamentos de Vigo e Galiza son mecanismos moi importantes para corrixir as desigualdades e redistribuír a riqueza.

"Os orzamentos non son nin de Núñez Feijóo, nin de Abel Caballero. Son nosos, son das persoas. Por iso defendemos que se dediquen a cubrir as necesidades básicas de todas."

Os orzamentos non son nin de Núñez Feijóo, nin de Abel Caballero. Son nosos, son das persoas. Por iso defendemos que se dediquen a cubrir as necesidades básicas de todas. Procuramos unha vida austera e digna para todas, e non podemos agardar máis.

Pouco din do que van facer cos nosos cartos, cando algo din amosan o afastados que están da crúa realidade. Dous exemplos:

- Os tempos de agarda pola RISGA superan a legalidade chegando aos 8 ou 9 meses de agarda ou que a contía media de dita prestación por unidade familiar é inferior aos 400 €/mes.
- Esta semana o alcalde de Vigo declaraba que presentarán os orzamentos municipais de 2014 «cuando sea más conveniente para la ciudad». Á cidadanía de Vigo úrxelle saber cantos cartos vai poñer o Concello para, por exemplo, garantir o dereito á vivenda na cidade ou para eliminar a "pobreza enerxética". As compañías eléctricas e os propietarios das vivendas non agardan para cortar a luz ou tramitar a orde de desafiuamento.



Foto: Galiza Contrainfo.

Porque é urgente, resposta inmediata ás situacions de emergencia social das familias!

Porque é a súa obriga, incremento significativo do investimento social nos orzamentos!

Porque é de xustiza, respecto aos dereitos sociais de todas as persoas!

